



Poñendo os lentes para a Protección da Infancia

MEMORIA DE ACTUACIÓNS

2024

ÍNDICE

1. MARCO XERAL

- 1.1 Presentación
- 1.2 Contexto
- 1.3 Descrición do programa

2. INFORME DE RESULTADOS

3. CONCLUSIÓNs, PROPOSTAS E OBSERVACIÓNs

ANEXO I – VALORACIÓNs DO PROFESORADO

ANEXO II – VALORACIÓN DAS PERSÓAS FORMADORAS

ANEXO III – MEMORIA GRÁFICA

1. MARCO XERAL

1.1 Presentación

A Asociación “Abuso y Maltrato Infantil No. Galicia” (AMINO.GAL) foi constituída o 26 de xuño do ano 2014 por un grupo de profesionais de diferentes ámbitos (sanidade, educación, servizos sociais, xustiza, etc.) da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 5 dos estatutos contempla que as súas finalidades son:

- Sensibilizar, informar e asesorar á sociedade, a colectivos e particulares e aos/ás profesionais sobre o problema dos malos tratos na infancia en todas as súas modalidades.
- Sensibilizar, informar e asesorar á sociedade, a colectivos e particulares e aos/ás profesionais relacionados co ámbito da protección infantil sobre a necesidade de fomentar o bo trato á infancia e adolescencia por parte de todos os axentes sociais.
- Formar e asesorar sobre a violencia infantil, a violencia entre iguais e a atención á infancia e adolescencia en situación de risco e/ou desamparo a profesionais e institucións de todo tipo.
- Promocionar e desenvolver programas de defensa dos dereitos da infancia e adolescencia, tanto a nivel estatal coma no ámbito da cooperación internacional.
- Desenvolver sinerxías con outras asociacións ou institucións.

AMINO.Gal é a única asociación galega que pertence á Federación de Asociacións para a Prevención do Maltrato Infantil (FAPMI).

Dende a súa constitución, o seu traballo desenvólvese principalmente na prevención e asesoramento ás familias, a organización de xornadas e seminarios formativos, creación de materiais de prevención, así como a impartición de cursos a diferentes perfís profesionais tanto a nivel particular como a través de programas financiados pola Xunta de Galicia.

1.2 Contexto

Os datos

Partindo dos datos da organización Save the Children, estímase que “o 23% das nenas e un 15% dos nenos sofre violencia sexual antes dos 17 anos en España”. Con todo, hai unha serie de factores clave que inflúen decisivamente nas dificultades de denuncia e persecución. Trátase de delitos que cometen as persoas de máis confianza dos/as menores, exercendo un poder que eles/elas non poden controlar sendo moitas veces non conscientes do que lles está ocorrendo. Estes feitos, velados e moitas veces silenciados, producen uns efectos psicolóxicos devastadores, así como unha nefasta influencia no desenvolvemento evolutivo das/ dos menores.

Non é ata o 1 de xullo de 2010, cando aparecerá o primeiro instrumento internacional de loita directa contra a violencia sexual infantil. É a data na que entra en vigor o Convenio do Consello Europa para a protección dos menos, nenas e adolescentes (NNA) contra a explotación e o abuso sexual, máis coñecido como Convenio de Lanzarote.

O Convenio baseado na Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno, contempla o abuso sexual dos/das NNA como un delito, con independencia de quen sexa o autor/a ou do lugar no que se cometa: no fogar, nunha institución adicada o coidado dos/as menores, a través de redes de crime organizado ou por medio da internet.

É dentro, tamén, do Consello de Europa, o 29 de novembro do ano 2010 cando se inicia en Roma a Campaña contra a violencia sexual infantil “Un de cada Cinco”, que persegue os seguintes obxectivos:

- Promover a firma, ratificación e aplicación do Convenio do Consello de Europa para a protección dos/das nenos/as contra a explotación e o abuso sexual.
- Proporcionar ós nenos e nenas, ás súas familias-coidadores/as e á sociedade coñecementos e ferramentas para previr a violencia sexual contra os/as NNA e, deste xeito, crear conciencia acerca de todo o que constitúe violencia sexual contra as persoas menores de idade.

En España, Federación de Asociacións para a Prevención do Maltrato Infantil (FAPMI), coa colaboración do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, apoian e participan nesta campaña dende os seus inicios.

Faltan profesionais de tódolos ámbitos, sociais, policiais, xudiciais e terapéuticos que estean especializados en como tratar e dirixirse aos/ás menores e ademais, especialmente na terrible problemática da violencia sexual contra a infancia (VSI).

En 2021 apróbase a LOPIVI como a nova lei de protección do/da menor, e un dos seus obxectivos é impulsar ferramentas que fortalezan a prevención deste tipo de violencia e facer participes aos profesionais que traballan con NNA dela a través das Administracións, tal e como se reflicte no artigo 3, é “impulsar a detección precoz da violencia sobre a infancia e a adolescencia mediante a formación interdisciplinar, inicial e continua de tódolos/as profesionais que teñen contacto habitual cos nenos, nenas e adolescentes”.

1.3 Descrición do programa

O Programa “Poñendo os lentes para a protección da infancia” é un proxecto para a prevención, detección e notificación da violencia sexual contra a infancia e adolescencia en centros de ensinanza, nos seus inicios, de Educación Infantil e Primaria, ampliando a partir de 2024 a Secundaria e Bacharelato, de tódalas cidades galegas.

Os **obxectivos** do programa son os seguintes:

- Concienciar e sensibilizar ao profesorado e as familias sobre a violencia sexual contra a infancia na nosa sociedade.
- Proporcionar ferramentas de prevención ao profesorado, o alumnado e ás familias.
- Proporcionar ferramentas de detección ao profesorado e ás familias
- Transmitir a maneira de actuar ante unha sospeita de VSI
- Dar a coñecer materiais para a prevención da VSI

Persoas destinatarias

As/os destinatarias/os directos do Programa profesionais dos centros de Educación Infantil, Primaria, Secundaria e Bacharelato, tanto públicos coma privados e concertados de diferentes concellos das 4 provincias galegas. Os destinatarios indirectos serían os milleiros de NNA de Galicia e as súas familias que beneficianse da formación dos seus/súas mestres/as, para garantir a súa protección mediante a detección e notificación correcta, ademais de ofrecerlles

ferramentas de prevención para poder evitar ou pedir auxilio no caso de sufrir violencia sexual.

Principais actividades do ANO 2024

Formación dos/as técnicos

A actualización da formación na actualización dos contidos para os técnicos que formaron parte desta edición de Poñendo os Lentes se celebrou en xaneiro de 2024.

A maiores tamén se realizou unha formación específica en 2024 de 4 horas sobre dinámicas para traballar habilidades de comunicación con familias de vítimas de violencia infantil. Este seminario se celebrou de maneira presencial e online en Vigo o día 30 de novembro e foi impartido por unha psicóloga especializada en NNA en situacións de desprotección.

Contacto cos centros educativos

Dende o equipo de coordinación do programa contáctase cos centros a través, primeiro, de correos electrónicos informativos, e logo, a través de comunicación telefónica. Neste caso, a persoa de contacto soe pertencer o equipo educativo ou de orientación do centro, e son as persoas encargadas de transmitir a participación do centro o resto do equipo educativo.

Despois calendarízanse os seminarios formativos, que logo son rexistrados no aplicativo informático creado para o programa.

Neste aplicativo rexístranse: a data xornada, persoa de contacto e datos do centro, a modalidade de formación elixida e a asignación a un formador/a.

Despois da xornada formativa, neste mesmo aplicativo engadíranse os datos relacionados co número de asistente e a valoración xeral da participación dos mesmos por parte dos formadores/as.

Difusión nos centros educativos

Os/as técnicos/as comezaron en xaneiro a realizar os seminarios nos diferentes centros.

É o propio centro o que elixe a modalidade de realización da formación. Para facilitar a participación do profesorado, e tendo en conta a complicada disposición xeográfica de moitas concellos galegos se lles ofrece realizar o seminario de xeito presencial ou telemático.

Establécese un número mínimo de 12 asistentes para ofrecer a formación de maneira presencial, co obxectivo de optimizar recursos. En xeral hai unha preferencia por que se realicen de maneira presencial tal e como reflicte a figura 1




Figura 1. Seminarios celebrados Online vs Presencial

Neste ano, empezamos a realizar entre os meses de maio e xullo o sesións formativas online para facilitar a presenza no programa a aqueles/as profesionais do eido educativo que o non recibiron a formación por decisión do centro e aínda así queren recibila, ou aqueles/as que non están neste momento exercendo a súa profesión pero queren obter esta información. Neste curso realizáronse **10 sesións online en aberto**.

Despois de recibir a formación, por correo electrónico, facilítase tanto o material de interés como o enlace para a enquisa de satisfacción e o certificado de asistencia á formación.

Tamén aos centros educativos, se lles envía por mensaxería o material de prevención do Consello de Europa “A regra de Kiko”

O material teórico impartido nas formación está a dispoñibilidade dos/das profesionais na páxina da entidade www.aminogal.es

Seguimento de actuacións e asesoramento

As coordinadoras, dentro das súas funcións, desempeñan a labor de supervisión das accións formativas dos técnicos. Dita supervisión levouse a cabo contactando sempre cos técnicos, previamente á actuación formativa con fins preparativos e posteriormente, de seguimento e valoración. A supervisión complementouse coa asistencia online ou presencial nalgunhas actuacións nas que se considerou oportuno.

Tamén realizáronse varias reunións de equipo onde se expuxeron dúbidas e inquedanzas, establecéronse liñas de actuación adaptadas as necesidades do programa e valorouse as actuacións realizadas co fin de aumentar a calidade das mesmas no futuro.

Recollida e análise de datos

Unha vez rematadas as actuacións, as coordinadoras recolleron e analizaron os datos rexistrados na plataforma virtual.

Avaliación do Programa

- Avaliación das sesións recibidas: Realízase a través de enquisas de valoración que son enviadas por correo electrónico a cada centro onde se realiza o seminario. Nese correo facilítaselles unha ligazón onde acceden para cubrir a enquisa.
- Avaliación da participación do profesorado na sesión: Realízase a través dunha escala de participación e interese que é rexistrada na plataforma de coordinación, e son as persoas que realizan as charlas as que puntúan esta variable.
- Avaliación xeral do programa: Recóllense datos do número de centros que participaron e do número de mestres/as formados/as, así coma a satisfacción xeral dos/as mesmos/as.

2. INFORME DE RESULTADOS

PARTICIPANTES

O Programa “Poñendo os Lentes para a Protección da Infancia” traballou a sensibilización, a detección e a prevención do abuso sexual infantil con **871 profesionais** en **49 centros**

educativos de Galicia de tódalas etapas educativas. Para realizar estas actuacións se contou coa participación de **2 técnicos de formación e dúas coordinadoras**.

Os centros educativos e profesionais formados/as se distribúen do seguinte xeito:




Figura 2. Centros participantes




Figura 3. Profesionais formados/as

Os/as técnicos de formación valoraron o interese e participación xeral amosado polos profesionais en cada seminario, obténdose os seguintes resultados:




Figura 4. Interese e participación

ANÁLISIS DA AVALIACIÓN.

A enquisa de avaliación do programa foi respondida por 266 participantes á mesma.

Esta enquisa cualitativa de resposta pechada, dividírase en tres bloques: avaliación inicial de contidos, avaliación final de contidos, satisfacción xeral coas sesións.

Avaliación inicial. Coñecementos sobre violencia sexual infantil

Un dos principais obxectivos do programa é proporcionar coñecementos e ferramentas para previr a violencia sexual contra os nenos, nenas e adolescentes e crear conciencia sobre todo o que constitúe a violencia sexual contra a infancia.

Coa finalidade de realizar unha pequena avaliación da situación antes das xornadas, utilizaremos os seguintes indicadores: **o coñecemento previo** de datos sobre VSI, a **realización previa de actividades** de prevención de VSI no centro, **o coñecemento sobre os indicadores** de VSI,

Os resultados obtidos a través das enquisas de avaliación contestados son os seguintes:

P. Coñecías as estatísticas de VSI antes desta xornada?




Figura 5. Coñecemento de datos de VSI

P. Realizáronse actividades de prevención de VSI no seu centro antes desta xornada?




Figura 6. Realización previa de actividades no centro

P. Coñecías os indicadores de VSI antes desta xornada?




Figura 7. Coñecemento sobre indicadores de VSI

Avaliación final. Contidos adquiridos e previsión futura

Os obxectivos principais do Programa son a sensibilización e o aporte de ferramentas de detección e prevención da VSI para o profesorado dos diferentes centros educativos de Galicia. Un obxectivo derivado destes é a protección dos/as menores que son ou poden ser vítimas de violencia. Para avaliar este obxectivo se utilizaron dúas variables: a **percepción de**

competencia ante un caso de VSI a **previsión de utilizar o material** de prevención nas aulas, e a **pertinencia dun protocolo específico de VSI**.

Os resultados obtidos a través dos cuestionarios de avaliación contestados son os seguintes:

P. Saberías que facer no caso de que algún dos teus alumnos te contara que é vítima de VSI?




Figura 8. Percepción de competencia ante un caso de VSI

P. Pensas utilizar o material desta campaña cos teus alumnos/as?




Figura 9. Previsión de uso do material

P. Crees que é necesaria a existencia dun protocolo específico a seguir ante unha sospeita de VSI?




Figura 10. Necesidade de protocolo específico

Satisfacción xeral. Valoración da sesión.

Para avaliar as sesións formativas, os asistentes puntuaron os seguintes aspectos: o **dominio das personas formadoras**, a **necesidade** da realización desta formación e a **satisfacción xeral** coa formación recibida. Ademais puideron plasmar as súas observacións e comentarios.

Os resultados obtidos a través dos cuestionarios de avaliación contestados son os seguintes:

P. Dominio dos/as formadores/as sobre a materia




Figura 11. Dominio dos/as formadores/as

P. Necesidade da realización desta formación




Figura 12. Necesidade da formación sobre VSI

P. Satisfacción xeral coa formación




Figura 13. Satisfacción xeral

Con respecto ás observacións sinaladas polos/as asistentes céntranse sobre todo en tres áreas: a satisfacción coa sesión e a persoa relatora, a sensibilización e visibilización dun tema que descoñecían e diversos aportes ás sesións.

Algúns comentarios/observacións son:

- Satisfacción coa xornada:

“Parecéume unha formación super completa, práctica e interesante. Gracias :)”

“Mil grazas por unha charla tan interesante e entretida. Fíxose moi amena e resultounos moi útil.”

“Penso que é moi necesaria esta información pois estamos a traballar con nenos moi pequenos. A profesora explicou xenial e foi unha clase moi amena”

“Información muy interesante y fácil de entender por los ejemplos”

“Muy interesante y útil. Muchas gracias! Por favor, organicen más.”

“Valoración moi positiva. Información clara e concisa tanto nas diapositivas como por parte da formadora. Formación moi recomendable e necesaria.”

“Sin lugar a dudas ha sido una de las mejores charlas a las que he asistido.”

- Sensibilización e visibilización:

“A xornada de formación foi interesantísima e, na miña opinión, absolutamente necesaria, xa que, como mestres, sufrimos unha carencia importante en formación sobre este tema.”

“Quero aproveitar para dar as grazas por esta formación, agora dispoño de recursos que empregarei na aula cos meus alumnos e coñezo un pouco máis sobre a relevancia e a incidencia do tema.”

“La formación fue muy entretenida y amena. Además nos dieron la información suficiente para prevenir, detectar e intervenir en el caso de un ASI.”

“Simplemente salienta a profesionalidade da relatora e a inqueda que che queda despois de asistir á formación, xa que en ningún momento pensei que o porcentaxe de nenos/as que o sufren fose tan alta”

“Moito impacto ao ter contacto con esta realidade pero á vez moi consciente de telo presente sempre ante a detección dalgún caso”

“Considero moi importante formar aos docentes neste campo. Grazas por axudarnos a mellorar como docentes.”

“A formación foi moi apropiada pero penso que deberíamos de ter máis formacións deste tipo. Renovar coñecementos para normalizar este tema”

- Aportacións:

“Eu faríaa un pouquiño máis longa para poder dixerir ben toda a información, sobre todo explicar máis en detalle que facer en caso de detectar algún caso de VSI.”

“Creo que sería obrigatorio dar estas charlas en todos os centros educativos, desde educación infantil a bachiller”

“Valorar a posibilidade de vir ó centro personal formado facer obradoiros co alumnado”

“A formación quedou escasa, porque é un tema para traballar a fondo, quizais en 3 sesións, tendo tempo no medio para ir asimilando a información”

“Este curso debería ser obrigatorio en todos os centros educativos.”

“Penso que esta formación debería ser obligatoria para toda a comunidade educativa e un asignatura da carreira de Maxisterio.”

“Opino que esta formación debería ser obligatoria para todas as persoas que traballamos coa infancia.”

“Creo que sería bo seguir coa formación neste senso e cada ano lembrar o aprendido e profundizar nas situacións que poden alertarnos e como actuar con todos os implicados no caso, dende o centro.”

“Sería moi interesante desenvolver este tipo de formacións nos centros escolares de forma periódica; xa que desgraciadamente as estadísticas alertan, aínda que se nos faga moi difícil imaxinalo!!”

DESVIACIÓS NA XESTIÓN TÉCNICA.

A partir do mes de Setembro, por mor do cese na participación dunha das nosas técnicas de formación, ata decembro so se xestionou a parte técnica a través dun único técnico o que se lle ampliou durante eses meses as horas laborais cubrindo a totalidade de horas de contratación técnica. A partir de xaneiro de 2025 o programa contará de novo con dous técnicos de formación especializados.

2.1 Programa completo

Engadindo o número de persoas participantes das anteriores edicións do Programa (dende o o ano 2018) o cómputo total de profesionais formados a través do Programa Poñendo os Lentes ata agora é de **6.078 + 871 = 6.949 participantes.**

3. CONCLUSIÓNS, PROPOSTAS E OBSERVACIÓNS

Principais conclusións:

- Percibimos, tanto pola resposta nas sesións do profesorado, coma nas respostas recibidas nas enquisas, a adecuación e satisfacción polo formato de contidos e como se expoñen os asistentes. A percepción xeral é que contamos con unha ferramenta clara, concisa e que se adecúa as necesidades prácticas dos profesionais da educación e da súa contorna. É unha información adaptada ás modificacións e actualizacións legais e conceptuais, que supón unha novidade para case a totalidade dos asistentes. Tamén se valora positivamente a accesibilidade da entidade para resolver dúbidas unha vez realizada ás sesións. O feito de que sexa unha sesión dinámica e que poida participar o profesorado, comentando casos, dúbidas e opinións que lles suscita, favorece moito a comprensión dos contidos e a adquisición dos coñecementos.

- A elección do persoal técnico, foi aceptada polos participantes, xa que indicaron o alto valor formativo que presentaban e a claridade na exposición dos contidos. A maioría dos asistentes felicitaron a labor dos relatores e a súa especialización no tema.
- Segue demandándose a formación específica de violencia sexual cara á infancia, xa que aínda existen moitos profesionais no eido da educación que descoñecen os conceptos básicos e as ferramentas de detección e prevención, e cando se enfrontan a un caso non se ven capacitados para notificar, por falta de recursos. É necesaria unha actualización constante por parte do profesorado, non só para fortalecer contidos nas persoas que xa contan cunha base, senón para ofrecer a información básica a aqueles que comezan o seu ámbito laboral na educación ou non tiveron oportunidade de recibir esta formación.
- Para que os centros reciban a formación, seguimos dependendo da decisión unilateral do equipo directivo ou de orientación. Ter ferramentas de protección para a infancia, non debería depender da sensibilidade ou a decisión de pertinencia de unha persoa ou un grupo reducido de persoas. Algúns profesores/as póñense en contacto de xeito particular, porque ven a necesidade de recibir a formación contradicindo a opinión dos responsables dos centros.

A raíz disto, o equipo de coordinación decidiu realizar unhas sesións de inscrición aberta online para os/as docentes que non puideran asistir as sesións realizadas polos seus centros, para aqueles/as que están interesados, pero no centro non se realiza e tamén para aqueles/as docentes que non están actualmente en activo e que queren recibir a formación.

- Esta formación debería non ser unha opción, así como o indica a LOPIVI, e debería estar presente nos programas formativos obrigatorios dos profesionais educativos, así como na formación que teñen que ofertar os/as coordinadores/as de benestar nos seus centros.

- Percibimos demanda, por parte dos centros, de recibir algún taller para o alumnado no centro. Aínda que nas sesións explícase como proceder a realizar prevención cós/coas nenos e nenas, en moitas ocasións, o profesorado non se ve preparado ou non saben como abordalo nun primeiro momento. Estaría ben poder acompañalos/as neses intreos ou realizar unha primeira sesión coa nosa guía para que perdan o medo a realizar estas actividades.
- O tema da violencia cara a infancia e en especial a violencia sexual, é un tema aínda descoñecido para os profesionais que traballan con menores. Por iso, debería instaurarse nas carreiras académicas e ciclos formativos para que os futuros profesionais xa contaran cunha base de contidos coa cal poder traballar e non ser totalmente descoñecedores desta temática.
- O que si, unanimemente, temos claro, tanto a entidade executora como os participantes do programa é a necesidade de continuidade da mesma. É primordial que a comunidade educativa conte cun recurso específico en VSI continuo e actualizado que permita os profesionais, ser conscientes da realidade, dispor de ferramentas necesarias para a súa xestión e ofrecer posibilidades de prevención a alumnado para diminuír as cifras de incidencia e prevalecía desta tipoloxía de violencia.

Observacións

- Nesta edición encontrámonos con dificultades derivadas do retraso na firma do convenio do programa, que aínda entendendo que foron puntuais, supuxeron inconvenientes para a óptima funcionalidade da mesma. Esta situación creou unha inestabilidade económica e de xestión executiva no programa, que viuse reflexada no número de centros participantes e na distribución dos mesmos.

ANEXO I – VALORACIÓNS DO PROFESORADO

Enquisa de valoración da sesión recibida

Especialidade: Infantil ☐ Primaria ☐ Especial ☐

¿Coñecías as estatísticas de violencia sexual infantil antes desta xornada? Sí ☐ Non ☐

En caso afirmativo, ¿onde a coñeciches?

¿Realizáronse actividades de prevención de violencia sexual infantil no seu centro?

Sí ☐ Non ☐

¿Coñecías os indicadores de violencia sexual infantil antes desta xornada? Sí ☐ Non ☐

¿Pensas utilizar o material desta campaña cos teus alumnos/as? Sí ☐ Non ☐

¿Saberías que facer no caso de que algún dos teus alumnos te contara que é vítima de VSI?
Sí ☐ Non ☐

Cres necesaria a existencia dun protocolo específico a seguir ante unha sospeita de abuso sexual infantil? Sí ☐ Non ☐

Satisfacción coa xornada

Dominio dos formadores sobre a materia:

Moi baixa ☐ Baixa ☐ Regular ☐ Alta ☐ Moi alta ☐

Necesidade da realización desta formación:

Moi baixa ☐ Baixa ☐ Regular ☐ Alta ☐ Moi alta ☐

Satisfacción xeral coa formación:

Moi baixa ☐ Baixa ☐ Regular ☐ Alta ☐ Moi alta ☐

Observacións e comentarios

ANEXO II – VALORACIÓN DAS PERSOAS FORMADORAS

Rexistro e valoración das persoas formadoras

Data:

Nome do Centro:

Poboación:

Nº de asistentes:

Interese e participación: (Moi alto, Alto, Regular, Baixo, Moi Baixo)

Observacións:

ANEXO III – MEMORIA GRÁFICA



Materiais aportados ós/ás técnicos e contos que se lle facilitan ós centros



Materiais aportados ós/ás técnicos para dinamizar a formación



Material aportado ós/ás técnicos para dinamizar a formación



Celebración dun seminario no CEIP Pablo VI, A Rúa